



CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA O IMPULSO DO PROXECTO CIDADE DAS TIC

REUNIDOS

Na Coruña, na data da sinatura dixital do documento

INTERVEÑEN

Dunha parte, D.^a Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, en uso das facultades de representación conferidas polo artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, D. Ricardo Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña, con número de CIF Q6550005J, actuando en nome e representación da institución citada, en uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta Universidade aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio da Xunta de Galicia (DOG n°100, de 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG n° 201, de 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade para asinar acordos en nome da Universidade da Coruña.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Por Resolución de 18 de febreiro de 2020, o ministro de Defensa outorgou a concesión demanial á Universidade da Coruña (en diante, UDC) sobre as instalacións e propiedade dependente dese Ministerio denominada “Fábrica de Armas da Coruña”, para situar nelas, en colaboración con outras institucións públicas e privadas, “un polo industrial e tecnolóxico dedicado ás tecnoloxías da información e da comunicación, e que supoña un incentivo dinamizador para o sector docente, empresarial e cultural da Cidade e da Comunidade Autónoma” (antecedente da Resolución). Na adxudicación directa da concesión ponderouse polo Ministerio de Defensa a procura da “maior rendibilidade social do inmovible obxecto de concesión”, dado que o uso que se vai dar ás instalacións terá un “impacto económico positivo na sociedade civil, ao poñerse aquelas a disposición da UDC para o fomento de accións tecnolóxicas, formativas, de investigación e de inversión que implican unha evidente mellora dotacional e revitalización da actividade docente e empresarial e por ende das políticas públicas do Estado, da Xunta de Galicia e da Cidade de A Coruña” (fundamento de dereito terceiro da Resolución).

O terreo obxecto da concesión comprende unha superficie aproximada de 127.943 m², inseridos na parcela catastral referencia 9380513NH4998S0000MA, cun total de 22 edificacións (ver ANEXO).

SEGUNDO.- Sobre os terreos obxecto de concesión estase a executar o proxecto denominado “Cidade das TIC”. A día de hoxe, realizáronse as seguintes actuacións:



- A creación do “Galaxy Lab” na nave 14, en funcionamento desde 2023 a cargo do Instituto Tecnolóxico de Galicia.
- A creación dun Centro de Servizos Avanzados (CSA) na nave 2, en funcionamento desde outubro de 2023 a cargo da entidade CSA, SL, participada pola UDC.
- A construción do plató audiovisual “Coruña Estudio Inmersivo” (CEI), finalizada en 2024 pola Deputación de A Coruña, que outorgou a súa xestión á entidade Pedralonga Estudios, S.L., participada pola UDC, en 2025.
- A cesión de uso das naves 11 e 12 á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia para a construción dun Centro de Formación Especializada en Novas Ocupacións relacionadas coa Transición Verde Dixital na Cidade das TIC, actualmente en tramite de licitación da execución da obra.
- A cesión de uso de espazos á entidade Pedralonga Estudios, SL, participada pola UDC, para a construción do Centro de Producción Audiovisual Avanzada (CPAA) “Pedralonga Estudios”.
- A cesión de uso do Edificio 1 á Sociedade Xestora da Cidade das TIC, SL, como aportación da UDC á dita sociedade, para ser utilizada como sede da mesma.

A nave 15 está sendo utilizada polo Ministerio de Defensa como sede da Área de Inspección Industrial nº 51 da Dirección General de Armamento y Material, en virtude da addenda ao prego de condicións particulares asinada o 15 de xullo de 2020.

TERCEIRO.- O 18 de marzo de 2025 escriturouse ante notario a constitución da Sociedade Xestora da Cidade das TIC, SL, participada polo Concello da Coruña (51%) e a UDC (49%), e eleváronse a públicos os seus Estatutos.

O obxecto da Sociedade é, segundo se dispón no artigo 2 dos seus Estatutos, a promoción e o impulso da Cidade das TIC, mediante a realización das seguintes actividades: a promoción da participación da cidadanía no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC); a realización de accións dirixidas á captación de financiamento cara á conservación, construción e rehabilitación das edificacións existentes na Cidade das TIC, incluída a súa urbanización e mantemento; a prestación de servizos de asesoramento para a promoción do sector TIC; a elaboración, planificación e posta en marcha de estratexias relacionadas coa Cidade das TIC; a promoción e o impulso de centros científicos e/ou tecnolóxicos na Cidade das TIC; a promoción do emprendemento no sector das TIC, a través de accións de formación e outras actividades que coadxuven a esta finalidade; a realización de accións de impulso cara á creación dun polo tecnolóxico TIC e de innovación dixital de referencia a nivel nacional e internacional que actúe como un demostrador de tecnoloxías emerxentes, de apoio ao tecido empresarial pola prestación de servizos tecnolóxicos avanzados; a difusión e promoción da Cidade das TIC entre as empresas que podan estar interesadas en instalarse nela, a intermediación entre elas e a concesionaria da Fábrica de



Armas e a facilitación de trámites encamiñados a dispor de espazos e instalacións; a promoción da ocupación do tempo libre, mediante actividades na Cidade das TIC; a promoción da cultura e equipamentos culturais na Cidade das TIC; a difusión de información, coñecemento e boas prácticas, así como a prestación de servizos e o desenvolvemento de actividades orientadas ao fomento da innovación, o desenvolvemento tecnolóxico, a transferencia e o uso de tecnoloxías emerxentes para o funcionamento urbano; e a asunción de encargos das administracións públicas das que a Sociedade é medio propio conforme ao disposto no artigo 4 dos Estatutos, para a xestión ou execución de servizos relacionados co obxecto social.

Tanto na regulación da Xunta Xeral (artigo 19) como na do Consello de Administración (artigo 29) dispónse un réxime de adopción de acordos que pretende garantir o liderado científico-tecnolóxico da UDC no proxecto Cidade das TIC, establecéndose que requirirán do voto favorable correspondente ás participacións da UDC os seguintes acordos: os acordos que polo seu obxecto teñan carácter ou implicación académica ou científica, entendida nos termos máis amplos referidos á docencia, á investigación, á transferencia e á divulgación científica; as modificacións estatutarias que podan afectar a cuestións académicas ou científicas, entendidas as expresións no mesmo sentido que o sinalado, ou aos poderes ou ás facultades da UDC recoñecidas neses Estatutos; os acordos sobre transmisión de participacións que impliquen a entrada de axentes de I+D+i na Sociedade; os acordos sobre a participación na Cidade das TIC, calquera que sexa a forma en que se materialice, de persoas físicas ou xurídicas nas que poida concorrer conflito de intereses coa UDC, nomeadamente de axentes de I+D+i; os acordos polos que se designen representantes da Sociedade en entidades de xestión, comités, consellos e organismos similares de carácter académico, científico ou técnico; e calquera outro acordo que poida afectar negativamente ao liderado académico, científico ou técnico da UDC na Cidade das TIC.

CUARTO.- As dúas partes manifestan o seu interese común por adoptar as decisións máis beneficiosas para o proxecto Cidade das TIC, que permitan darlle un impulso relevante á finalidade coa que naceu e coa que se está a desenvolver, así como ás políticas públicas que fagan efectivo o principio de desenvolvemento territorial e urbano sustentable, sinalado no artigo 3.3 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que foi aprobado o Texto refundido da Lei do solo e de rehabilitación urbana.

Para iso, ambas as partes concordan na conveniencia de impulsar ante o Ministerio de Defensa a transmisión do título concesional a prol do Concello da Coruña, con reserva de espazos para a UDC na Fábrica de Armas e o apoio financeiro do Concello para a súa rehabilitación, de xeito que permitan á UDC manter o obxectivo expresado na Resolución de 18 de febreiro de 2020 do Ministerio de Defensa de “fomento de accións tecnolóxicas, formativas, de investigación e de inversión que impliquen unha mellora dotacional e revitalización da actividade docente”.



Así mesmo, ambas as partes concordan en que a transmisión debe facerse con respecto do liderado científico-tecnolóxico da UDC no proxecto Cidade das TIC, en termos equivalentes aos acordados para os Estatutos da Sociedade Xestora.

Por todo o anterior, as partes conveñen en asinar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración interadministrativa entre o Concello da Coruña e a UDC para o impulso do proxecto “Cidade das TIC”, concibido como un polo industrial e tecnolóxico dedicado ás tecnoloxías da información e ás comunicacións, que merece ser impulsado mediante políticas públicas que fagan efectivo o principio de desenvolvemento territorial e urbano sustentable, nos termos previstos no artigo 3.3 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que foi aprobado o Texto refundido da Lei do solo e de rehabilitación urbana, nomeadamente, favorecer, coas infraestruturas, dotacións, equipamentos e servizos que sexan precisos, a localización de actividades económicas xeradoras de emprego estable, especialmente aquelas que faciliten o desenvolvemento da investigación científica e de novas tecnoloxías, mellorando os tecidos produtivos, por medio dunha xestión intelixente.

SEGUNDA. Liderado académico (formación, investigación, transferencia do coñecemento, divulgación) da UDC

1. Ambas as partes comprométense a respectar e impulsar o liderado da UDC en todos os aspectos académicos (formación, investigación, transferencia do coñecemento, divulgación) do proxecto Cidade das TIC. A estes efectos:

a) Todas as accións de formación, investigación ou transferencia do coñecemento que se impulsen ou executen na Cidade das TIC deben estar lideradas pola Universidade ou ter a conformidade dela, nos termos previstos nesa cláusula.

b) Garantirase a exclusividade da UDC como entidade promotora de I+D+i na Cidade das TIC. A entrada doutros axentes de I+D+i, de se producir no futuro, terá que ter a conformidade da UDC, nos termos previstos nesta cláusula.

c) A UDC estará representada en todos os órganos de goberno de calquera entidade de xestión da Cidade das TIC, presente ou futura, e presidirá os seus órganos vinculados a cuestións académico-científicas.

d) A adopción dos seguintes acordos por parte do Concello en relación coa Sociedade ou da entidade que xestione o proxecto Cidade das TIC requirirá a conformidade da UDC, ben a



través dos seus propios órganos de goberno, ben a través dos órganos de goberno da entidade xestora:

- os acordos que polo seu obxecto teñan carácter ou implicación académica ou científica, entendida nos termos máis amplos referidos á docencia, á investigación, á transferencia do coñecemento e á divulgación científica;
- as modificacións estatutarias que poidan afectar a cuestións académicas ou científicas, entendidas as expresións no mesmo sentido que o sinalado no parágrafo anterior, ou aos poderes ou ás facultades da UDC recoñecidas estatutariamente;
- os acordos sobre transmisión de participacións que impliquen a entrada de axentes de I+D+i na entidade de xestión;
- os acordos sobre a participación na Cidade das TIC, calquera que sexa a forma en que se materialice, de persoas físicas ou xurídicas nas que poida concorrer conflito de intereses coa UDC, nomeadamente de axentes de I+D+i;
- os acordos polos que se designen representantes da entidade de xestión en entidades de xestión, comités, consellos e organismos similares de carácter académico (formación, investigación, transferencia do coñecemento, divulgación)
- calquera outro acordo que poida afectar negativamente ao liderado académico (formación, investigación, transferencia do coñecemento, divulgación), da UDC na Cidade das TIC.

Para estes efectos, o Concello da Coruña comprométese a comunicar á UDC calquera acción que pretenda realizarse na Cidade das TIC que teña carácter ou implicación académica (formación, investigación, transferencia do coñecemento, divulgación), a fin de que a UDC manifieste con carácter previo a súa conformidade. A UDC deberá pronunciarse coa maior dilixencia posible e, en todo caso, dentro do mes seguinte á recepción da comunicación, entendéndose o silencio en sentido positivo. A desconformidade por parte da UDC deberá estar motivada conforme ao previsto nesta cláusula.

2. A UDC debe estar visible fisicamente na Cidade das TIC e debe ser a única marca presente vinculada a unha universidade, agás que mostre conformidade respecto da presenza doutra ou doutras. As infografías na Cidade das TIC incluírán o logotipo e o nome da UDC en calquera tipo de espazos, salvo expresa renuncia da UDC.

TERCEIRA. Transmisión da concesión demanial a prol do Concello da Coruña

1. Para favorecer o impulso do proxecto “Cidade das TIC”, a UDC e o Concello da Coruña conveñen a transmisión da concesión demanial outorgada á UDC por Resolución do Ministerio de Defensa de 18 de febreiro de 2020 a prol do Concello da Coruña, previa autorización do Ministerio concedente.



2. A transmisión estará suxeita ás seguintes condicións:

- O Concello da Coruña cederá gratuitamente á UDC tres edificios (identificados como 1, 7 e 9) para seren destinados ao proxecto Cidade das TIC, en réxime de cesión de uso mentres o Concello sexa concesionario e en réxime de propiedade de facerse efectiva a opción de compra. Achégase como ANEXO o plano de localización dos ditos edificios.

O uso do edificio identificado como nº 1 foi achegado pola UDC á Sociedade Xestora da Cidade das TIC, en concepto de achega non dineraria, polo que se recibe pola UDC con esas condicións, sen prexuízo da posibilidade de mudalas no caso de que a UDC decida transmitir parte das súas participacións a outra Administración Pública. Nese caso, a cesión de uso á Sociedade Xestora sobre o edificio axustarase proporcionalmente á participación que reteña a UDC, o que deberá incorporarse ao presente convenio mediante addenda, garantíndose, en todo caso, a existencia dun espazo adecuado no dito inmovible destinado especificamente á Sociedade Xestora.

- O Concello destinará once millóns douscentos sesenta mil euros (11.260.000 euros €) á rehabilitación dos edificios cedidos á UDC para o proxecto Cidade das TIC (asistencia técnica, proxectos e estudos, direccións facultativas, construción) e ás obras de urbanización e de axardinamento exterior dos mesmos, ata o límite dos viarios. A referida cantidade desembolsarase polo Concello na conta da UDC ES8300490007232612071316 nas seguintes anualidades:

- 2025: 500.000 euros máis o canon correspondente ao exercicio 2025 (260.000 €).
- 2026: 3.500.000 euros
- 2027: 3.500.000 euros
- 2028: 3.500.000 euros

Estas anualidades poderán reaxustarse para acomodalas ao ritmo de execución das obras conforme ao previsto na cláusula seguinte.

CUARTA. Obrigas das partes

1. As cantidades recollidas na cláusula anterior deberán preverse nos orzamentos do Concello dos correspondentes exercicios económicos e terán a natureza de compromiso esixible aos efectos previstos na lexislación de facendas locais. O Concello comprométese a transferir as cantidades á UDC no primeiro semestre de cada exercicio, condicionado á xustificación das anualidades anteriores, nos termos sinalados nos apartados seguintes.

2. Consonte á base 11ª tris “convenios interadministrativos” das bases de execución para o presuposto 2025, aplicarase o procedemento de pago previsto nos artigos 40 e 41 da vixente Ordenanza municipal das bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos (BOP nº 157, do 16 de agosto de 2024).



Pola natureza e fin das actuacións recollidas neste convenio, requírese a entrega anticipada de fondos polo Concello á UDC como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións previstas no mesmo. Aos ditos efectos, o Concello procederá á entrega do 100% de cada anualidade en concepto de pago anticipado con carácter previo á xustificación, chegando á fase orzamentaria de recoñecemento da obrigaón, e reterá en concepto de garantía o 50% nun concepto contable non orzamentario acredor. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da UDC, procederase á devolución con cargo ao concepto contable non orzamentario acredor da cantidade retida en concepto de garantía.

3. O importe consignado para a execución das obras e actuacións previstas neste convenio terá consideración de importe máximo e, polo tanto, calquera dos posibles modificados, revisións de prezos, liquidación das obras e reposición dos servizos afectados, contratacións da asistencia técnica para a dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, se fora o caso, estarán incluídos dentro do devandito límite.

4. No caso de que as obras non estean rematadas na anualidade 2028, o convenio prorrogarase ata un máximo de catro anos adicionais. Para os efectos anteriormente sinalados, antes do vencemento do prazo, calquera das partes poderá instar á outra á formalización da prórroga mediante addenda.

5. Unha vez finalizada a execución das actuacións e obras, procederase a practicar a liquidación definitiva total, debendo achegar a UDC a documentación sinalada na cláusula 5ª c), reintegrándose, no seu caso, as cantidades excedentes que resulten por todos os conceptos, no prazo máximo dun mes dende que fora aprobada a liquidación por parte do Concello da Coruña. Transcorrido o dito prazo dun mes sen que fora ingresado o reintegro pola Universidade da Coruña, deberá aboarse ao Concello, tamén no prazo dun mes o interese de demora aplicable ao dito reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladora dos gastos públicos e da actividade financeira do sector público.

6. O Concello da Coruña resérvase o dereito de inspeccionar as obras, tanto durante a súa execución coma á finalización destas.

7. A UDC comprométese a:

- a) Destinar os fondos achegados polo Concello da Coruña á finalidade establecida e xustificar a execución material das obras obxecto de financiamento presentando a documentación xustificativa nos termos reflectidos nas cláusulas deste convenio.
- b) Levar a cabo as actuacións necesarias, conforme ás canles legais establecidas, para a aprobación dos proxectos de rehabilitación dos edificios obxecto de cesión e da urbanización dos espazos exteriores que lles afecten.



- c) Financiar o exceso sobre a achega municipal para licitar e sufragar as obras obxecto deste convenio, no suposto de que finalmente sexa necesaria a modificación do proxecto para a súa adaptación aos informes e autorizacións sectoriais preceptivas e isto supoña un incremento do seu orzamento base de licitación.
- d) Licitar, adxudicar, dirixir e executar correctamente as obras contidas nos proxectos aprobados, así como formalizar os actos de recepción técnica destas.
- e) Asumir a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias que sexan preceptivas, tanto para a aprobación do proxecto, como para a execución das actuacións contidas nel.
- f) Comunicar ao Concello da Coruña as datas de inicio e recepción das obras, trasladando as correspondentes actas, e quedando condicionada as devanditas recepcións á presenza dun membro da devandita administración.
- g) Comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que lle sexa notificada a concesión, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as obras subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, antes de xustificar a aplicación dada aos fondos percibidos.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos en que proceda.
- j) Cumprir estritamente as disposicións en vigor ou as que se ditaren durante a vixencia deste convenio, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire ao pago de salarios mínimos por categorías profesionais, cotas da seguridade social, mutualismo laboral, etc. O persoal que a entidade utilice para acadar a finalidade deste convenio non terá ningunha relación laboral con este Concello. O Concello estará facultado para inspeccionar que se cumpre esta obriga.
- k) Incluír ao Concello da Coruña como entidade colaboradora nos carteis das obras obxecto do convenio, tendo en conta para iso o manual de imaxe corporativa municipal (<https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>) e deberán indicar claramente a participación do Concello no financiamento das mesmas.
- l) Cumprir con que a comunicación e a produción escrita e oral (cartelería, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) de toda a actividade obxecto deste convenio deberá estar en lingua galega, segundo impón o artigo 20.4 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP núm. 116, do 22 de xuño de 2021).

8. A UDC comprométese a solicitar a autorización da transmisión ao Ministerio de Defensa no prazo máximo dun mes a partir da data de sinatura deste convenio.



9. Autorizada a transmisión polo Ministerio de Defensa como entidade concedente e ingresada a cantidade correspondente á anualidade 2025 nos termos sinalados no apartado 2º desta cláusula, a entrega de bens e instalacións levarase a cabo de xeito inmediato mediante a subscrición por ambas partes dunha acta de entrega e recepción, comezando dende a dita data a posesión efectiva por parte do Concello da Coruña dos bens e instalacións e a asunción das responsabilidades inherentes á condición de concesionario.

10. Transmitida a concesión, o Concello subrogarase na posición xurídica da UDC. A tal efecto, o Concello da Coruña asumirá o mantemento dos acordos de cesión de uso e de espazos formalizados pola UDC con terceiros (Galaxy Lab, CSA, Centro de Formación Especializada en Novas Ocupacións relacionadas coa Transición Verde Dixital, CEI, CPAA Pedralonga Estudos, SL) nas condicións e durante os prazos establecidos nos correspondentes títulos habilitantes.

11. A UDC conservará a súa participación na entidade mercantil Pedralonga Estudos, SL. Con respecto á entidade mercantil CSA, S.L., o Concello da Coruña asumirá a posición da Universidade da Coruña, que procederá a impulsar a transmisión gratuita da súas participacións a prol do Concello, no prazo dun mes dende que por parte do Concello se proceda ao pagamento da primeira anualidade establecida nos termos sinalados no apartado 2º desta cláusula. Para os efectos de facilitar a colaboración institucional e o intercambio académico e cultural, o Concello da Coruña comprométese a autorizar periodicamente a realización de actos da UDC nas instalacións do CSA con cargo á dispoñibilidade de espazos que lle corresponde.

QUINTA.- Xustificación e pagamento

1. A xustificación pola UDC do financiamento recibido do Concello segundo este convenio efectuarase para a xustificación de cada un dos pagos anticipados realizados, para o libramento das cantidades retidas en concepto de garantía, así como unha vez finalizada a execución material das actuacións obxecto deste convenio a modo de liquidación final. Para estes efectos, a UDC deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello:

a) No caso de xustificación dos pagos anticipados realizados:

- Unha memoria das actuacións realizadas con indicación dos traballos e prestacións contratadas, das incidencias ou desviacións acaídas e do grao de execución dos contratos, que deberá ser presentada pola UDC nos tres meses seguintes á recepción do anticipo, con independencia da achega posterior de toda a documentación requirida para a xustificación final, sen prexuízo do reintegro das cantidades que corresponda en caso de incumprimento.

b) No caso da xustificación parcial das cantidades retidas en concepto de garantía (cláusula cuarta.2), a UDC deberá achegar:



-as certificacións das actuacións e de obra expedidas pola dirección facultativa e aprobadas polo órgano competente da UDC que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade;

- as facturas relativas ás actuacións contratadas e ás certificacións de obra;

- no caso das actuacións consistentes na contratación de asistencias técnicas, a dirección de obra e/ou coordinación de seguridade e saúde, deberá presentarse copia dos correspondentes contratos e as facturas emitidas.

En todos os casos anteriormente sinalados, deberá achegarse xustificación dos pagamentos efectuados e do seu respectivo ingreso por medio das correspondentes transferencias bancarias.

c) No caso da xustificación final, no prazo máximo dun mes á obtención da acta de recepción das obras a seguinte documentación:

- memoria final comprensiva das actuacións realizadas, das empresas e persoas contratistas coas datas da adxudicación dos contratos e sinatura dos mesmos, así como da súa publicación no perfil do contratante da UDC e no seu portal de transparencia, do seu cronograma de realización, fotografías do desenvolvemento das actuacións e estado final; pagos realizados e incidencias xurdidas;

- certificación da persoa que exerza as funcións de secretaría ou xerencia da UDC da tramitación dos procedementos de contratación efectuados e da súa publicación no perfil do contratante da UDC, así como a acreditación dos contratos menores realizados conforme ao disposto na normativa da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público;

- copia dos contratos de obra efectuados debidamente asinados pola UDC e a/as empresa/s contratista/s;

- todas as certificacións de obra expedidas pola dirección facultativa e aprobadas polo órgano competente da UDC que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade;

- as facturas relativas ás ditas certificacións de obra así como dos pagamentos efectuados e do seu respectivo ingreso por medio das correspondentes transferencias bancarias;

- acta de recepción das obras;

- certificación final de obra;

- no caso das actuacións consistentes en asistencias técnicas, dirección de obra e/ou coordinación de seguridade e saúde, deberá presentarse así mesmo copia dos correspondentes contratos, das facturas emitidas, do seu pagamento e das súas correspondentes transferencias bancarias.



2. Os gastos deberán estar realizados no período de vixencia do convenio ou, de ser o caso, a súa prórroga. Só se considerará gasto realizado aquel que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo para a xustificación.

3. Para todos os pagos relacionados coa finalidade deste convenio estímase aconsellable que se realicen, preferentemente, desde unha única conta bancaria da entidade, non podendo admitirse como xustificables gastos pagados con cargo a contas cuxo titular non sexa a UDC.

SEXTA.- Opción de compra

Adquirida a condición de concesionario, correspóndelle ao Concello da Coruña realizar as negociacións, xestións e trámites oportunos para o exercicio da opción de compra dos bens obxecto da concesión.

Unha vez obtida a titularidade en réxime de propietario dos ditos bens polo Concello da Coruña, formalizarase a transmisión da titularidade a prol da UDC, sen contraprestación adicional ás previstas neste convenio, dos edificios sinalados na cláusula terceira, de conformidade co procedemento previsto na normativa reguladora de patrimonio das administracións públicas.

SÉTIMA.- Convenios anteriores e adicionais

O presente convenio é independente doutros convenios subscritos anteriormente entre as partes, así como doutros adicionais que calquera das partes poida establecer con outras entidades de carácter público ou privado, sen prexuízo do deber de información recíproca entre cada unha das administracións intervenientes e da necesidade de respectar os fins, obxectivos e condicións do presente convenio, así como da concesión.

A entrega das cantidades previstas neste convenio por parte do Concello á UDC non poden realizarse contra as cantidades consignadas nos orzamentos para o financiamento de convenios previamente asinados ou en detrimento doutras accións ou políticas que ambas partes veñan acordando.

OITAVA.- Comisión de Seguimento

1. Para o seguimento do cumprimento e execución deste Convenio constituirase unha Comisión de Seguimento, integrada por tres persoas representantes do Concello da Coruña e tres da UDC, sen prexuízo de que ás reunións poidan acudir asistidas de persoal técnico de ambas as dúas administracións. A presidencia da Comisión de Seguimento do convenio será rotatoria e corresponderá ao Concello da Coruña durante o primeiro ano e á UDC durante o segundo ano, e así sucesivamente, mantendo a rotación nos anos sucesivos durante a vixencia do convenio.



2. Esta Comisión reunirse con periodicidade cuadrimestral e, en calquera caso, cando unha das partes o solicite. As súas reunións formalizaranse en acta e os seus acordos serán adoptados, con carácter xeral, por maioría de votos.

3. Sen prexuízo das competencias que lle correspondan a cada administración e organismo interviniente, a Comisión exercerá as seguintes funcións:

a) levar a cabo o seguimento das actuacións e das obrigas asumidas por cada unha das partes asinantes deste convenio;

b) informar o contido dos estudos, plans, programas e proxectos que desenvolvan as actuacións do convenio;

c) promover a coordinación necesaria para a realización dos documentos técnicos e para realizar as actuacións previstas neste convenio, desenvolvendo cantas accións se estimen necesarias e oportunas para a consecución dos obxectivos do mesmo;

d) formular propostas de medidas tendentes a garantir o cumprimento das obrigas asumidas por cada unha das partes asinantes deste convenio e a solución de incidencias, conflitos que poidan comprometer a consecución dos obxectivos definidos no mesmo;

e) resolver os problemas que se susciten na interpretación e cumprimento do convenio;

f) propoñer o reaxuste das anualidades sinaladas na cláusula terceira, sempre que non supoñan incremento económico do convenio nin aumento do prazo de vixencia do mesmo, incluído o período de prórroga.

NOVENA.- Vixencia e duración

1. O presente convenio perfeccionarase coa súa subscrición, adquirindo o mesmo plena validez e eficacia dende o momento da súa formalización, pero quedará suxeito á condición suspensiva da autorización da transmisión da concesión por parte do Ministerio de Defensa. De non chegar a autorizarse, as obrigas recollidas no clausulado non serán esixibles entre as partes.

2. De acordo co disposto no apartado 1 do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, este convenio terá unha vixencia máxima de catro anos, prorrogable por anos sucesivos ata un máximo de outros catro, para o caso de que a execución das actuacións e o cumprimento dos compromisos que se recollen nel requiran dun período superior de tempo. A prórroga formalizarase mediante addenda a instancia de calquera das partes dirixida á outra antes do vencemento do prazo.

DÉCIMA.- Causas de extinción



1. O presente convenio extinguirase, ademais de polo cumprimento ou conclusión de todas as actuacións contidas no mesmo ou pola concorrancia da condición suspensiva prevista na cláusula novena, por algunha das seguintes causas de resolución:

- a) polo transcurso do prazo de vixencia do presente convenio sen terse acordada prórroga do mesmo;
- b) por mutuo acordo das partes, do que quedará a debida constancia en documento elaborado ao efecto;
- c) por incumprimento por calquera das partes asinantes das concretas obrigas establecidas neste convenio, previamente posto de manifesto mediante comunicación escrita fidedigna, e cun prazo de antelación de, polo menos, un mes, pola parte a quen lle prexudique, fixándose como criterio para determinar as posibles indemnizacións os custos nos que incorrera a parte prexudicada no momento no que se produza o eventual incumprimento;
- d) por decisión xudicial declaratoria da nulidade do presente convenio;
- e) por cambios na lexislación que contraveñan o contido do presente convenio;
- g) por concorrancia dunha causa de forza maior que impida o cumprimento do seu obxecto.

2. En caso de extinción por causa diferente á conclusión das actuacións obxecto do convenio, a Comisión de Seguimento proporá as condicións para a continuación e finalización das actuacións en curso que considere oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

3. Resolto o convenio, todos os dereitos e obrigas nacidos con anterioridade á extinción do mesmo serán liquidados e cumpridos por todas as partes, sen prexuízo dos dereitos e obrigas que resulten da dita extinción para as mesmas, conforme á lei, ou ao disposto no presente convenio, procedendo o reintegro das cantidades percibidas pola Universidade da Coruña cos correspondentes xuros de demora, nos seguintes casos:

- a) incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio;
- b) incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos neste convenio;
- c) nos demais supostos establecidos conforme á normativa que resulta de aplicación.

DÉCIMA PRIMEIRA.- Réxime xurídico



Este convenio ten natureza xurídica administrativa e réxese polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ou lexislación que en adiante o substitúa, e demais normas de procedente aplicación.

Este convenio atópase incluído dentro dos supostos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei.

En consecuencia, as dúbidas e controversias que poidan xurdir con motivo da interpretación e aplicación deste convenio e que non fosen resoltas pola Comisión de Seguimento resolveranse polas normas aplicables en dereito administrativo e os litixios que puideran derivarse do mesmo serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA SEGUNDA.- Datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E como proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

DISPOSICIÓN FINAL

A eficacia económica e de compromiso que asume o Concello da Coruña neste convenio queda condicionada á aprobación das modificacións orzamentarias oportunas e a realizar os trámites e as aprobacións necesarias para a habilitación do crédito adecuado e suficiente que permita dar cumprimento ás obrigas económicas derivadas deste convenio.

A Alcaldesa da Coruña
Firmado por INES REY GARCÍA -
Dña Ines Rey García 13/06/2025 con
un certificado emitido por
IvSign Global CA

A oficial maior do Concello da Coruña
Ma Esther Álvarez Martínez

O reitor da Universidade da Coruña
D. Ricardo José Cao Abad

32769018K RICARDO
JOSE CAO (R: Q6550005J)


Firmado digitalmente por
32769018K RICARDO JOSE CAO (R:
Q6550005J)
Fecha: 2025.06.12 13:02:40 +02'00'

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por RICARDO JOSE CAO ABAD a las 13:02 del día 12/06/2025, INES REY GARCÍA a las 14:13 del día 13/06/2025, OFICIAL MAIOR (MARIA ESTHER ALVAREZ MARTINEZ) a las 10:51 del día 19/06/2025 y por PLATAFORMA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA a las 09:43 del día 20/06/2025. Registrado de salida a fecha 20/06/2025 con código RMP5190EXY, número general y número particular 19366. Mediante el código de verificación 50443V4P1T47400R035S puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



ANEXO – PLANO DAS INSTALACIÓNS

CIDADE DAS TIC - PLANO XERAL DE EMPRAZAMENTO



- LEND**
- 1 DIRECCIÓN, ADMINISTRACIÓN E FABRICACIÓN
 - 2 CSA (CENTRO DE SERVIZOS AVANZADOS)
 - 3 PRENSAS E CAÑÓN
 - 4 REVISIÓN E METROLOXÍA
 - 5 FORXA, PULIMENTO E TRATAMENTOS TÉRMICOS
 - 6 MECANISMOS, MONTURA E MONTAXE
 - 7 DIVERSAS, ELECTRICIDADE, CALDEIRERÍA, SOLDADURA, FERRAMIENTAS, PLANTILLAS, PINTURA
 - 8 TRATAMENTOS SUPERFICIAIS E ARBIADO
 - 9 COMEDORES
 - 10 COMITÉ DE EMPRESA E CONTRAINCENDIOS
 - 11 ESCOLA DE FORMACIÓN PROFESIONAL
 - 12 CLÍNICA
 - 13 COLEXIO DE ENSEÑANZA PRIMARIA
 - 14 GALAXY-LAB ITG
 - 14a JAULA VUELO SISTEMAS AÉREOS NO TRIPULADOS GALAXY-LAB ITG
 - 14b VERTIQUERTE GALAXY-LAB ITG
 - 15 INTERDEF
 - 16 SALA DE ARMAS
 - 17 PROBADERO DE 300m
 - 18 PROBADERO SUBTERRÁNEO
 - 19 DEPÓSITO ELEVADO DE AUGA
 - 20 CENTRAL ELÉCTRICA (DE ENTRADA) ALTA TENSIÓN
 - 21 DEPÓSITO SUBTERRÁNEO DE AUGA
 - 22 ALMACÉN DE PRODUCTOS TÓXICOS
 - 23 PARQUE DE CHATARRA
 - 24 PISTA POLIDEPORTIVA
 - 25 CADERIA TRANSPORTE PIEZAS ENTRE TALLERES 5 y 6
 - 30 PLATÓ VIRTUAL CEI
 - 31 FUTURO PLATÓ AUDIOVISUAL
 - 32 FUTURO PLATÓ AUDIOVISUAL